

Criterios de cualificación de Tecnoloxía

Os exames escritos a man, os exames telemáticos, os bloques de actividades realizadas a través da aula virtual, os traballos e as tarefas feitos ao longo da avaliación **serán valorados de 0 a 10 puntos.**

Para calcular a nota media realizarase a media aritmética de todos os exames escritos a man, exames telemáticos ou bloques de actividades da aula virtual feitos ao longo da avaliación.

Os exames escritos a man ou telemáticos nos que o alumnado non se presente e non xustifique a súa falta serán valorados cun 0. Igualmente, os bloques de actividades da aula virtual, os traballos e as tarefas non presentados terán unha valoración dun 0.

- **Avaliacións ordinarias.**

A nota de cada avaliación calcularase ponderando un 80% a nota media de todos os exames escritos a man/exames telemáticos ou bloques de actividades da aula virtual e ponderando un 20% a nota do traballo do alumno.

Para aprobar a avaliación a nota deberá ser igual ou superior a 5 puntos.

Para poder aprobar unha avaliación, todos os exames escritos a man/exames telemáticos ou bloques de actividades da aula virtual deberán ter unha nota igual ou superior a 3. De non cumprirse esta condición, aínda que o resultado obtido ao realizar o cálculo (utilizando as ponderacións mencionadas) sexa superior a 4 puntos, a nota na avaliación será simplemente un 4.

Para calcular a nota relativa ao traballo do alumno, asignaráselle unha ponderación a cada traballo, tarefa ou proxecto feito durante a avaliación. Dita ponderación variará en función da dificultade e laboriosidade do traballo ou tarefa.

- **Recuperacións.**

Para recalcular a nota da avaliación, **escollerase a nota máis alta entre as dúas posibles: a nota inicial dos exames/bloques de actividades da aula virtual ou a nota da recuperación dos exames/bloques de actividades da aula virtual.**

Para recalcular a nota da avaliación, **a nota do traballo do alumno (20 %) só terase en conta se favorece ao alumno. En caso contrario, unicamente terase en conta a nota media de todos os exames escritos a man/exames telemáticos ou bloques de actividades da aula virtual.**

- **Avaliación final ordinaria.**

A nota da avaliación final ordinaria obterase **calculando a media aritmética das tres avaliacións**. Para aprobar a avaliación final ordinaria a nota deberá ser igual ou superior a 5 puntos.

É condición necesaria para poder aprobar, que a nota en cada avaliación sexa igual ou superior a 3 puntos. De non cumprirse esta condición, aínda que o resultado obtido ao realizar a media aritmética sexa superior a 4 puntos, a nota na avaliación final ordinaria será simplemente un 4.

Sumaráselle 0,5 puntos á nota final de xuño (calculada segundo ponderacións mencionadas) aos alumnos que non tivesen que recuperar ningún examen ou bloque de actividades da aula virtual durante todo o curso e sumaráselle 0,25 puntos, aos que tivesen que recuperar unicamente un exame ou bloque de actividades. En ningún caso a nota final poderá ser superior a 10 puntos, polo que aos alumnos que estean no primeiro caso e a súa nota sexa superior a 9,5 só se lle incrementará a nota no que lle falte para chegar aos 10 puntos. Farase o mesmo cos alumnos que estean no segundo caso e a súa nota final sexa superior a 9,75 puntos.

- **Avaliación final extraordinaria.**

A nota da avaliación final extraordinaria será a nota do **exame escrito** a man, do **exame telemático** ou do **bloque de actividades da aula virtual**.

Criterios de cualificación de TIC

Todos os exames, os traballos e as actividades serán valorados de 0 a 10 puntos.

Os exames nos que o alumno non se presente e non xustifique a falta serán valorados cun 0.

Os bloques de actividades da aula virtual, os traballos e as actividades non presentados e os entregados fóra de prazo (sen xustificación) serán valorados cun 0.

Para calcular a nota dun tema, asignaráselle unha ponderación a cada traballo ou actividade feito dese tema. Dita ponderación variará en función do número de sesións dedicadas á realización do devandito traballo ou actividade.

Considerarase que o tema está aprobado cando a nota sexa igual ou superior a 5.

- **Avaliacións ordinarias.**

A nota da avaliación calcularase facendo a media aritmética das notas de todos os temas que haxa na avaliación, considerándose aprobada cando a media aritmética sexa igual ou superior a 5.

Para poder aprobar unha avaliación, a nota obtida en cada un dos temas ten que ser igual ou superior a 3 puntos. De non cumprirse esta condición, aínda que o resultado obtido ao realizar o cálculo (a media aritmética das notas de todos os temas que haxa na avaliación) sexa superior a 4 puntos, a nota na avaliación será simplemente un 4.

- **Recuperacións.**

Cando dalgún tema se faga unha recuperación, **escollerase a nota máis alta entre as dúas posibles** (nota do tema antes da recuperación e nota do tema na recuperación) para recalcular a nota da avaliación.

- **Avaliación final ordinaria.**

A nota da avaliación final ordinaria obterase **calculando a media aritmética das tres avaliacións.** Para aprobar a avaliación final ordinaria a nota deberá ser igual ou superior a 5 puntos.

É condición necesaria para poder aprobar, que a nota en cada avaliación sexa igual ou superior a 3 puntos. De non cumprirse esta condición, aínda que o resultado obtido ao realizar a media aritmética sexa superior a 4 puntos, a nota na avaliación final ordinaria será simplemente un 4.

- **Avaliación final extraordinaria.**

A nota da avaliación final extraordinaria será a nota do **exame presencial teórico e/ou práctico.** O anterior exame será substituído por **un exame telemático ou pola realización dun bloque de actividades da aula virtual** no caso de que non se poidan facer exames presenciais.

Criterios de cualificación de ITI

Todos os exames, os traballos e as actividades serán valorados de 0 a 10 puntos.

Os exames nos que o alumno non se presente e non xustifique a falta serán valorados cun 0.

Os bloques de actividades da aula virtual, os traballos e as actividades non presentados e os entregados fóra de prazo (sen xustificación) serán valorados cun 0.

Para calcular a nota dun bloque de contidos, asignaráselle unha ponderación a cada traballo ou actividade feito dese bloque de contidos. Dita ponderación variará en función do número de sesións dedicadas á realización do devandito traballo ou actividade.

Considerarase que o bloque de contidos está aprobado cando a nota sexa igual ou superior a 5.

- **Avaliacións ordinarias.**

A nota da avaliación calcularase facendo a media aritmética das notas de todos os bloques de contidos que haxa na avaliación, considerándose aprobada cando a media aritmética sexa igual ou superior a 5.

Para poder aprobar unha avaliación, a nota obtida en cada un dos bloques de contidos ten que ser igual ou superior a 3 puntos. De non cumprirse esta condición, aínda que o resultado obtido ao realizar o cálculo (a media aritmética das notas de todos os bloques de contidos que haxa na avaliación) sexa superior a 4 puntos, a nota na avaliación será simplemente un 4.

- **Recuperacións.**

Cando dalgún tema se faga unha recuperación, **escollerase a nota máis alta entre as dúas posibles** (nota do bloque de contido antes da recuperación e nota do bloque de contido na recuperación) para recalcular a nota da avaliación.

- **Avaliación final ordinaria.**

A nota da avaliación final ordinaria obterase **calculando a media aritmética das tres avaliacións**. Para aprobar a avaliación final ordinaria a nota deberá ser igual ou superior a 5 puntos.

É condición necesaria para poder aprobar, que a nota en cada avaliación sexa igual ou superior a 3 puntos. De non cumprirse esta condición, aínda que o resultado obtido ao realizar a media aritmética sexa superior a 4 puntos, a nota na avaliación final ordinaria será simplemente un 4.

- **Avaliación final extraordinaria.**

A nota da avaliación final extraordinaria será a nota do **exame presencial teórico e/ou práctico**. O anterior exame será substituído por **un exame telemático ou pola realización dun bloque de actividades da aula virtual** no caso de que non se poidan facer exames presenciais.